



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B (Outubro – Decembro 2011)

Tierra desacostumbrada, de Jhumpa Lahiri

Colección de relatos definidos por unhas coordenadas constantes: as vidas dunhas familias de orixe hindú que viven na Costa Este dos Estados Unidos. O proceso de osmose que se produce entre a cultura hindú e a occidental, a fragilidade das relacións humanas e a gravidade que as vidas adquiren a medida que se toman decisións.





Retahilas, de Carmen Martín Gaité

Eulalia é unha muller madura que regresa ao pazo familiar ante a inminente morte da súa avoa. No lugar da súa nenez atopará ao seu sobriño Germán e ambos confrontarán os seus respectivos roles a través das súas lembranzas e das persoas que marcaron as súas vidas.

El quinto en discordia, de Robertson Davies

Gañador do prestixioso Premio Llibreter no ano 2006. É a primeira parte da "Trilogía de Deptford" que inclúe "Mantícora" e "El mundo de los prodigios". Unha saga ao estilo clásico, chea de ramificacións na que existen segredos familiares, confesións que non acaban de dicirse, dúbidas paterno-filiais e antigos amores que reaparecen ao cabo dos anos.



Entre la bruma, de Simonetta Agnello Hornby

Mike e Jenny son un matrimonio "perfecto" de clase media-alta londinense que un bo día se ve sometido a unha acusación de abusos sobre unha das súas dúas fillas. Simonetta Agnello Hornby percorre nesta novela dende os máis luxosos ambientes ata os máis periféricos, incluídas as salas dos tribunais, nun relato cheo de suspense que alterna a intriga do *thriller* xudicial co retrato social.

Non hai noite tan longa, de Agustín Fernández Paz

Un home de 50 anos regresa desde París a súa vila natal, atormentado cun alude de lembranzas e co amargor da culpa e da covardía tras desconfiar da inocencia do seu pai nuns acontecementos ocorridos décadas atrás.



GRUPO B